



MODELO SILVÍCOLA	QR2
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Quercus robur L.</i> , aplicable a formacións mixtas con piñeiro do país ou outras frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Conservación e producción de leñas en monte alto e carballeiras demoucadas.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:	Todos os distritos forestais. Carballeiras cun estado forestal o silvícola que non recomende ou non permita intervencións culturais propias da producción de madeireira.

REXENERACIÓN	
Densidades	Rodais de rexeneración natural de densidade variable, estrutura de montes bravos, bastíos ou alto fustes por rexeneración de semente, alto fustes sobre cepas ou árbores demoucadas.
Mantementos	Roza de subpiso para facilitar o acceso. Control mediante corte de hedra para manter a vitalidade do arborado. Tratamentos deben promover a creación dun modelo de combustible de frouma baixo arborado.
Aproveitamentos complementarios	Compatibilidade con aproveitamento micolóxico e gandeiro, en especial coa retirada da folla desfrondada.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas de formación	Podas de formación posibles para acadar lonxitude de fuste sen bifurcacións da altura que se considere axeitada (2 a 4 m).
Desmestas	Desde os 15 anos, deixando 1.000-1.500 pés/ha, poden producir madeira de trituración e leñas.
Rareas	Iniciar aos 30 anos, e despois seguir cada 7-10 anos. Actuar sobre dominantes e codominantes, non sendo moi intensas para evitar chupóns. Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro, priorizar o carballo como especie principal.
Demoucas	Só admisible en árbores previamente demoucadas (re-demoucado). Evitar demoucados totais das copas. Aplicar demoucas laterais para manter unha guía principal ou de guiado en forma de forca e pendón. Aplicar as podas de producción de leña coas necesarias medidas de seguridade.

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	90 a 120 anos, podendo manter de xeito definitivo arborado adulto en pé a partires desas idades. Pódese aplicar quendas más longas, consistentes coa lonxevidade natural do arborado. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios
Métodos de corta	Evitar cortas a feito e posterior aproveitamento en monte baixo. Posible corta polo pé de árbores demoucadas se existe rexenerado de substitución arredor. Rareo sucesivo ou entresaca pé a pé ou en grupos de árbores.

